



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEE

*Adxudicación á Xunta de Galicia da concesión demanial (gratuíta) do local 1 (planta baixa), local 2 e 3 (planta primeira) do edificio servizos múltiples onde se ubica o Concello de Cee*

#### RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** adxudicación á XUNTA DE GALICIA da CONCESIÓN DEMANIAL (GRATUÍTA) DO LOCAL 1 (PLANTA BAIXA), LOCAL 2 E 3 (PLANTA PRIMEIRA) DO EDIFICIO SERVIZOS MÚLTIPLES ONDE SE UBICA O CONCELLO DE CEE, mediante procedemento de adxudicación directa.

**EXPEDIENTE DE ORIXE Nº:** 2025/X999/000124.

**EXPEDIENTE DECRETO Nº:** 2026/G003/000710

#### ANTECEDENTES:

I.- Con data 21 de maio de 2025 con NRE (202590000000895) a Xunta de Galicia solicita a cesión de uso por parte do Concello de Cee de inmobles para destinalos a oficinas de emprego.

II.- Informe técnico de data 9 de xullo de 2025.

III.- Ficha dilixenciada por Secretaría correspondente do Inventario Municipal.

IV.-Providencia Alcaldía de emenda documentación de data 9 de xullo de 2025..

V.- Presentación de documentación con NRE (202590000001929) en data 5.12.2025.

VI.-Remisión de documentación (acta recepción definitiva do Edificio de Servizos Múltiples do Concello de Cee)

VII.-Informe de intervención relativo os recursos ordinarios da Corporación.

VIII.-Informe de fiscalización de data 30 de abril de 2026.

IX.-Informe técnico municipal de data 4 de maio de 2026

X.- Informe de Secretaría a tramitación a seguir de data 28 de maio de 2026.

XI.- Pregos de Cláusulas Administrativas particulares.

XII.-Exposición pública (BOP nº 83 de data 6 de maio de 2026,) e informe do encargado do rexistro da Corporación.

XIII.-Resolución aprobación expediente contratación.

XIV.-Invitación cursada a Xunta de Galicia.

XV.- Documentación presentada pola Xunta de Galicia.

XVI.- Informe fiscalización.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-Adxudicar** á Xunta de Galicia a concesión demanial -gratuíta- do LOCAL 1 (PLANTA BAIXA), LOCAL 2 E 3 (PLANTA PRIMEIRA) do EDIFICIO SERVIZOS MÚLTIPLES onde se ubica o CONCELLO DE CEE, mediante procedemento de adxudicación directa, para destinar a Oficina de Emprego, de conformidade co PCAP e PPT. O prazo da concesión do ben de dominio público será de 25 anos con posibilidade dunha prórroga por 5 anos. A prórroga entenderase concedida se ningunha das dúas partes, antes do vencemento do prazo, manifesta a súa desconformidade. Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, o 1 de xullo de 2026.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela